



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**XACOBEO 2010**  
Galicia



**FISCALÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
Rúa Viena, nº 1. Edificio Xulgados  
Santiago de Compostela

**ASUNTO: Solicitud de información. Dilixencias Preprocesuais nº 355/2010 – Proxecto de explotación da concesión Sonsoles IV. Afectación de entre outros aos afluentes dos ríos Eume e Beelle. Expediente: 2006/0374.**

Correspondendo a súa petición, segundo o acordado por esa Fiscalía no procedemento arriba referido, en relación ao estado de tramitación da declaración de impacto ambiental do expediente arriba referido, informamos:

1º O 14 de xaneiro de 2010, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou a Declaración de Impacto Ambiental para a concesión "Sonsoles IV fracción 1ª" segregada de "Sonsoles IV", do promotor Picobello Andalucita S.L., en As Pontes, A Coruña.

2º O 12 de maio de 2010, a Consellería de Economía e Industria remite escrito á Secretaría xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, no que informan sobre a admisión a trámite do recurso de reposición presentado por diversas asociacións fronte a resolución de 25 de marzo de 2010 pola que se autoriza o proxecto de explotación. En dito escrito se solicita informe ao respecto.

3º Seguindo o exposto no punto anterior, e co fin de avaliar a conveniencia de modificar a Declaración de Impacto Ambiental, a Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, solicitou novos informes ao organismo Autónomo Augas de Galicia e a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, da Consellería do Medio Rural.

4º O 5 de xullo de 2010, recíbese na Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a información de Augas de Galicia á que se fai referencia no punto anterior; dita información recolle tódolos informes elaborados desde as distintas áreas de dito organismo sobre o Estudo de Impacto Ambiental e o Plan de Restauración da citada concesión. Estes informes son os seguintes:

- Informe da xefa de área de Vertidos de Augas de Galicia de 7 de maio de 2007.
- Informe do subdirector xeral de Xestión de Dominio Público Hidráulico de 4 de setembro de 2008.
- Informe emitido polo xefe da Demarcación Galicia Norte de Augas de Galicia de 4 de xuño de 2008.
- Informe do xefe de servizo de Planificación e programación Hidrolóxica de Augas de Galicia de 28 de agosto de 2008.
- Informe da Gardería Fluvial de Augas de Galicia de data 28 de maio de 2010.

5º O 21 de outubro de 2010, recíbese na Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, ao que facíamos referencia no punto terceiro deste escrito.

A día de hoxe estase redactando a modificación da Declaración de Impacto Ambiental formulada o 14 de xaneiro de 2010, a fin de incluír as prescricións necesarias para garantir a



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



XACOBEO 2010  
Galicia

correcta avaliación dos efectos da explotación sobre os aspectos plantexados no recurso de reposición presentado ante a Consellería de Economía e Industria.

Tan pronto como estea firmada a dita Declaración de Impacto Ambiental, remitirémolle una copia a esa Fiscalía.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2010

O secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental



Justo de Benito Basanta